


INFORME DE AVALIACIÓN DO PAT- ANEAE (Grao en Xeografía e Historia)

2022/2023

R2 DO-0203 P1



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	1
2. ANEXO II: FICHA INICIAL DE DETECCIÓN DE NECESIDADES.....	2
3. ANEXO III: FICHA DE SEGUIMIENTO DE TITORÍAS	5
4. ANEXO IV: CUESTIONARIO FINAL DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO ...	8
5. INFORME DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO INSCRITO NO PROGRAMA PIUNE NA FACULTADE DE HISTORIA.....	10

1. INTRODUCCIÓN

O Plan de Acción Tutorial da Facultade de Historia contemplaba inicialmente a asignación de un/unha titor/a por curso. Porén, nas diversas xuntanzas do decano con alumnado do PCEO ao longo de 2022 púxose de manifesto a conveniencia de que este alumnado puidese dispoñer dun titor/a específico para, na medida do posible, afrontar o problema que supón a dificultade de concretar o profesor ou profesora ao que dirixirse debido ao feito de que a maioría cursa materias en distintos niveis.

Partindo desta consideración, aprobouse o nomeamento de dous titores específicos para o PCEO (o profesor Antonio Presedo para os cursos 1º, 2º e 3º e a profesora María López para os cursos 4º, 5º e 6º), ademais de modificar a titorización de algúns cursos: o profesor Xosé Ramón Campos pasou a ser titor de 4º curso, entrando o profesor Domingo Rodríguez como novo titor de 1º curso; a profesora Beatriz Vaquero continuou en 2º curso e o profesor Julio Prada substituíu á profesora Susana Reboreda en 3º curso. Asemade, aprobouse a continuidade do profesorado titor dos Mestrados: a profesora Susana Reboreda no de Arqueoloxía e Ciencias de Antigüidade e o profesor Adolfo Fernández no de Valoración e Xestión do Patrimonio (xuntanza da Facultade de

Historia do 8 de xullo de 2022:

https://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/actas_xf/Acta_XF_20220708.pdf

De acordo co procedemento establecido, realizouse ao alumnado de 1º curso unha enquisa específica no acto de acollida (Anexo II) sobre as circunstancias e causas da súa elección. En todos os cursos, o/a seu/súa respectivo/a titor/a, realiza dúas enquisas ao remate de cada cuadrimestre, para valorar a dinámica do mesmo (Anexo III). Ao final do curso (Anexo IV) realízase outra enquisa de valoración do propio PAT.


A continuación se describen os resultados por anexos.

2. ANEXO II: FICHA INICIAL DE DETECCIÓN DE NECESIDADES


A sesión de acollida tivo lugar o 5 de setembro de 2022 e a asistencia e participación na enquisa foi de algo máis de catro puntos porcentuais máis elevada que no curso anterior, alcanzando o 75% entre o alumnado de grao en Xeografía e Historia e o PCEO en Turismo e Xeografía e Historia. Trátase dun resultado que consideramos altamente satisfactorio e que pon de manifesto a importancia desta xornada, xa que esta enquisa é unha primeira toma de contacto coa Facultade. Neste curso académico implantouse un novo modelo de ficha inicial de detección de necesidades partindo da consideración de que o anterior non achegaba información suficiente nunha serie de apartados que resultaban necesarios tanto para unha mellor detección das mesmas como para a toma de decisións nunha serie de aspectos que afectaban ao plan de difusión e captación do alumnado do Centro. En concreto, consideramos preciso coñecer máis en detalle diversas cuestións relacionadas co acceso á titulación, en especial as relativas a como se coñeceu o Grao de Xeografía e Historia/PCEO, as razóns para cursar o mesmo na Facultade de Historia de Ourense e a percepción do alumnado sobre a súa futura orientación laboral.

No que atinxe á procedencia xeográfica do alumnado, a totalidade do mesmo que responde á enquisa estaba domiciliado en Galicia no momento de cursar a solicitude de


matrícula. Por provincias, destaca o procedente de Pontevedra, que supón un terzo do tal (33,33%), seguido do de A Coruña (30,56%), Ourense (25%) e, finalmente, Lugo (11,11%).



O 60% do alumnado que respondeu á enquisa manifesta que á hora de buscar información sobre o Grao en que matricularse procurou información el mesmo ou con axuda dos seus familiares, mentres que outro 17,78% manifesta que o propio profesorado do centro no cal cursaba os seus estudos aconselloulle cursar o Grao en Xeografía e Historia na Facultade de Historia de Ourense, exactamente a mesma porcentaxe que asegura que tivo coñecemento do mesmo sobre todo a través de internet ou de redes sociais. Finalmente, só un 4,4% tivo coñecemento do Grao a través dunha visita ou taller que se desenvolvera no seu centro.




No que atinxe ás razóns máis determinantes para elixir o Grao de Xeografía e Historia, o 43,24% asegura que polo feito de ser un Grao xeneralista que na súa opinión proporciona meirandes oportunidades laborais, mentres que case un terzo do total manifesta que se debeu a que non entrou noutra Universidade e desexaba cursar estudos nunha titulación de Historia. Estas dúas magnitudes amosan con claridade a importancia que supón para a captación de alumnado o mantemento do número de prazas ofertadas polas Universidade do SUG nos diferentes Graos implicados, así como a necesidade do recoñecemento da singularidade do Grao de Xeografía e Historia —denegada no seu día— tendo en conta, ademais, a reforma nos planos de estudos avanzada pola Universidade de Santiago de Compostela.



En canto ás preferencias do alumnado no que se refire a orientación laboral no momento de cursar a súa solicitude de matrícula, máis da metade, en concreto o 54,55%, manifesta como primeira opción a docencia en Ensinanza Secundaria, o que, por outra banda, explica a elevada porcentaxe de alumnado que respondía que elixía o Grao de Historia polo seu carácter xeneralista. Outro 22,73% manifesta como opción preferida a investigación e a docencia na Universidade, situándose a continuación os que se inclinan

polas actividades relacionadas co patrimonio ou a xestión cultural (6,82% cada unha). Os que consideran que a súa orientación laboral futura non responde a ningunha das opcións anteriores ou prefiren dedicarse a un sector non relacionado coas competencias do Grao representan o 4,55% do total cadanseu. Neste caso, cómpre indicar que cuantificamos a totalidade das opcións elixidas, polo que o número de opcións supera ao de alumnos e alumnas que responden á enquisa.




3. ANEXO III: FICHA DE SEGUIMIENTO DE TITORÍAS

No cadro seguinte indícase o número de participantes por curso e cuadrimestre.

Curso	Xuntanza primeiro cuadrimestre	Enquisa segundo cuadrimestre
1º	35	3
2º	17	7
3º	32	9

4º	11	10
1º, 2º, 3º PCEO	4	1
4º, 5º, 6º PCEO	3	4
TOTAL	102	34

No que atinxe aos resultados, cómpre sinalar que en relación co curso pasado incrementouse de xeito significativo o número global de participantes en ambas as dúas xuntanzas, en especial na primeira. En concreto recolléronse 48 enquisas máis na primeira xuntanza e 7 na segunda, o que supón un incremento global dun 67,90%, superándose tamén nun 60% a participación respecto ao curso 2020-2021.



Malia este crecemento exponencial da participación do alumnado, consolídase a tendencia observada en anos anteriores dunha caída moi significativa da mesma na segunda xuntanza. No fundamental esta significativa diminución podería explicarse polo menor contacto do alumnado con algúns titores ou titoras cos que só teñen docencia no primeiro cuadrimestre (así acontece, por exemplo, no segundo curso), así como pola proximidade de entrega de tarefas e exames e a inexistencia de problemas académicos relevantes. Mesmo nunha parte do alumnado parece existir a percepción de que o PAT

non resulta en exceso útil cando non existen situacións problemáticas e, nalgúns casos, pola consideración de que, xa avanzado ou próximo a rematar o segundo cuatrimestre, non se van a producir cambios significativos no desenvolvemento do curso.

Nos informes do profesorado titor apreciase que o alumnado presente está interesado en expresar as súas opinións sobre o discorrer do cuatrimestre na maioría dos casos. En todas as xuntanzas percíbese bo ambiente, e, en xeral, indícase están satisfeitos coa dinámica do curso e o desenvolvemento da docencia, sen que este ano se detectasen problemas no funcionamento do campus remoto, destacando especialmente a implicación do profesorado coa emisión das clases a través do campus remoto e a gravación das mesmas. Recoñecen, asemade, a mellora nos resultados académicos nunha materia concreta sobre a cal existía unha marcada disconformidade polas reducidas taxas de alumnado que acadaba as competencias asignadas á mesma despois da intervención do decanato ao remate do pasado curso académico. Asemade, transmitiuse ao decanato a suxestión dun grupo de retirar as mamparas de metacrilato da aula de informática e solucionouse a avaría dos enchufes na antepenúltima fila de bancos da aula 0.5.

Con todo, é de facer notar que existen inxerencias diferentes segundo os distintos niveis. Na primeira reunión de seguimento o alumnado de primeiro curso fixo referencia a algúns aspectos relacionados coa distribución dos contidos para os distintos parciais nalgunhas materias, que ao seu entender resultaban descompensados, ou co xeito de realizar a presentación dos traballos en determinadas materias. Ao respecto se lle fixo notar ao alumnado a importancia da revisión das guías docentes para transmitir en tempo e forma ao profesorado posibles suxestións de mellora, así como o recurso ás titorías para a aclaración de calquera tipo de dúbida.

No caso do alumnado de 4º, 5º e 6º do PCEO aludiuse á problemática de configuración do plan de estudos, ao ter no mesmo ano e cuatrimestre dúas materias dunha mesma área das cales unha senta as bases teóricas e conceptuais ou é introdutoria da outra: Teoría e método da Arqueoloxía e Arqueoloxía Aplicada, ambas as impartidas en 3er. Curso, 2º cuatrimestre. A este respecto dende decanato consultouse aos representantes de alumnado de PCEO de todos os cursos e adoptouse a decisión de iniciar

os trámites para proceder ao cambio da primeira das materias para un curso anterior. Aluden, asemade, aos problemas derivados da excesiva carga académica e as dificultades que lle supón para compatibilizar o seguimento da avaliación continua coas Prácticas Externas. No caso do alumnado dos cursos anteriores, a complexidade dos horarios entre os dous centros segue a ser un elemento de certa insatisfacción, malia que recoñecen o esforzo realizado, en especial dende a Facultade de Historia. No caso do alumnado de segundo curso, plantexouse a posibilidade do cambio da materia *Fontes de Información en Humanidades* para o 1º cuadrimestre do 1º curso e, en segundo lugar, que as materias *Metodoloxía da historia* e *Historia moderna universal* non se impartan no mesmo cuadrimestre.

Unha parte do alumnado de segundo curso presente na segunda xuntanza solicitou que se lles imparta ao comezo das clases de primeiro curso un seminario de formación sobre as necesidades do alumnado PIUNE e as pautas de comportamento que deben seguir para colaborar na súa integración, informando ademais da existencia de comportamentos inadecuados nas redes sociais contra un membro do grupo. Respecto a primeira das cuestións, titora e decano acordaron transmitir a suxestión ao responsable PIUNE para incorporar para o vindeiro curso a proposta de mellora e, respecto á segunda, acordaron poñer en coñecemento da unidade responsable os feitos aludidos.

Noutros casos apúntanse propostas de mellora sobre as cales nin o profesorado titor nin a coordinación de título nin o decanato teñen competencias, como sucede, por exemplo, coa suxestión de incorporar un parágrafo de texto libre nas enquisas docentes.

4. ANEXO IV: CUESTIONARIO FINAL DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO


Tendo en conta os escasos resultados obtidos no pasado curso á hora de fomentar a participación do alumnado na realización do cuestionario final de satisfacción (que mesmo nos levara a habilitar unha enquisa a través da Secretaría Virtual e a realizar

diversos chamamentos ao alumnado para fomentar a súa participación, tanto mediante correo electrónico como por parte dos propios delegados de curso sen éxito), optouse este ano por insistir dende decanato na importancia das mesmas nas diferentes xuntanzas mantidas polo decano cos delegados dos diferentes cursos. Como acontecera o pasado curso, os representantes do alumnado apuntaron como razóns principais o cansazo respecto á cantidade de enquisas que reciben ao longo do ano e a percepción de que cando non existen problemas co desenvolvemento da vida académica e docente é maioritaria a percepción de que non é preciso participar neste tipo de enquisas. Insisten en que diante da existencia dalgún problema puntual a experiencia demostra que se resolve de xeito moito máis efectivo mediante a comunicación directa co decanato a través do chat de delegados/as.

Diante desta situación, suxeriuse dende a coordinación de PAT a posibilidade de que o alumnado presente na segunda xuntanza realizase directamente a enquisa ao remate da mesma, aínda sendo consciente da dificultade que isto supón no caso de que as xuntanzas se convoquen vía on-line. Como queira que fose, os resultados supuxeron un incremento da participación respecto ao curso anterior dun 433,33%, unha porcentaxe de crecemento, que se ben resulta moi elevada, debe valorarse no seu xusto termo tendo en conta que o pasado curso académico só participaron na mesma 6 alumnos/as, polo que os 26 participantes deste curso académico, se ben supoñen unha suba moi considerable, seguen estando lonxe dos que consideramos obxectivos desexables a acadar.

O 92,31% dos que responden á enquisa consideran que a información previa que se lles proporciona do PAT é suficiente, case nove puntos porcentuais respecto do curso anterior e a totalidade dos mesmos (100%) consideran a organización e a coordinación do mesmo boa ou moi boa, a mesma porcentaxe que no pasado curso académico. O 88% do alumnado que responde, cinco puntos porcentuais por riba do ano anterior, considera que o desenvolvemento do PAT respondeu moito ou bastante ás súas expectativas e só tres alumnos/as responden que «pouco». O apartado de «utilidade do PAT» é o que rexistra unha mellora máis acusada respecto a cursos precedentes, xa que un 96% dos que responden consideran que a súa utilidade é moita ou bastante, e só un 4% a cualifica de «pouca».

A diferenza do curso anterior, cando a totalidade dos que responderon consideraban que as datas das actividades relacionadas co PAT non eran axeitadas, neste curso académico un 88,46% si as considerou axeitadas, sen que se tivesen producido variacións substantivas dende o punto de vista cronolóxico respecto ao primeiro. Un 88,46% do alumnado considerou axeitado o seguimento que se realizaba do PAT, o único dos apartados no que se produce unha baixada respecto ao curso anterior, aínda que, como salientamos, neste últimos só participaron seis alumnos e alumnas.



5. INFORME DE SEGUIMENTO DO ALUMNADO INSCRITO NO PROGRAMA PIUNE NA FACULTADE DE HISTORIA

Neste apartado sintetizamos os resultados dos informes de seguimento do alumnado PIUNE, elaborados polo seu responsable: o profesor Domingo Rodríguez Teijeiro. De acordo co mesmo, no Grao de Xeografía e Historia seguiron estudos durante o primeiro cuadrimestre do presente curso 2022/2023, cinco alumnos acollidos ao Programa PIUNE, aos que temos que sumar un mais que cursa o dobre Grao Turismo-

Historia, repartidos en todos os cursos. A primeira tarefa ao comezo do cuadrimestre foi establecer contacto con todos eles para unha primeira toma de contacto. So dous deles se acudiron presencialmente a unha xuntanza e os demais, ou non responderon, ou manifestaron que non existía ningunha cuestión que requirise dunha intervención inmediata.

Un dos alumnos que o pasado curso presentaba máis problemas de integración, mellorou de forma sensible, xa que estivo moito máis integrado e mesmo máis aberto e comunicativo. No ámbito académico manifestou que non consideraba necesaria ningunha intervención máis alo do xa sinalado nas recomendacións remitidas pola UNATEN a todo o profesorado. Ao longo do cuadrimestre non sinalou a existencia de ningún tipo de problemática e o seu resultado académico foi máis que satisfactorio.

O segundo alumno que acudiu á xuntanza, manifestou unha maior dificultade de integración no grupo-aula no que ten maioritariamente a docencia este curso (ten materias en diferentes cursos). En especial no tocante a encontrar grupo de traballo, xa que en terceiro os grupos xa están conformados dende cursos anteriores e non lle queda outra que conformar o seu grupo cos “restos”, cuestión que xa comentou co profesorado. En calquera caso, comenta que se atopa mellor, máis adaptado ao entorno en comparación co curso anterior. Ten pendente unha materia coa que tivo especiais dificultades o curso pasado e, como entón, insistíuse por parte do coordinador na necesidade de que acuda as titorías coa profesora responsable, onde poderá plantexar e aclarar con maior detalle as súas dúbidas.

En relación a este mesmo alumno, tanto por parte do coordinador do programa PIUNE na Facultade como dende o propio decanato do centro, tentouse en repetidas ocasións, e falando con distintos/as alumnos/as de terceiro curso, conseguir que un/unha deles/as aceptase implicarse en tarefas de apoio ao mesmo, especialmente no tocante ás tarefas de organización e aos horarios (de saídas, exames, etc.). Aínda que se convocou unha bolsa de apoio do programa de atención personalizada de estudantes con necesidades específicas de apoio educativo, foi imposible conseguir que ninguén se postulase para esta tarefa.

Por parte do profesorado non se ten plantexado ningún tipo de problemática en relación co alumnado PIUNE. Como en cursos anteriores, enviouse a comezo do cuadrimestre as pautas remitidas pola UNATEN a todos os profesores/as que ían ter alumnos do programa nas súas aulas e, polo que nos consta, en todos os casos séguense estas e/ou póñanse todas as facilidades para que este alumnado poda acadar as competencias traballadas en cada unha das materias.

No segundo cuadrimestre matívose o mesmo número de alumnos acollidos ao programa PIUNE tasnto no Grao de Xeografía e Historia como no dobre Grao Turismo-Historia. Non cabe destacar ningún tipo de problemática en relación con este alumnado ao longo destes meses; en xeral o seu rendemento académico cabe cualificalo como bo. Unicamente o segundo dos alumnos que acudiu á xuntanza previa comentou as súas dificultades con algunha materia concreta (que son do mesmo xénero que as que pode presentar calquera outro alumno/a). Insistiuse novamente na necesidade de que o alumno comente co profesorado as dificultades que atopa no seguimento da materia e, sobre todo, que aproveite as titorías para aclarar dúbidas e problemas que poidan xurdir.

Consideramos que, en termos xerais, a integración dos alumnos do programa na facultade e no curso-aula foi tamén boa. Neste senso, destaca o avance claramente visible no caso do primeiro alumno xa citado, que ao longo deste curso participou en distintas actividades fora da aula, como seminarios e excursións. Unha vez mais temos que destacar o excelente labor desenvolvido pola bolseira Sara Zas Rivas no proceso de integración do mesmo, tanto pola axuda que lle presta dentro da aula e nos exames, como nas actividades desenroladas fora da mesma. Tamén temos que destacar o interese e implicación do profesorado que tivo neste segundo curso.

Algún dos alumnos do programa, que no próximo curso académico cursará a materia de Prácticas Externas en 4º, xa solicitou información sobre o procedemento e tamén nos consta que parte do alumnado do dobre Grao en Turismo e Xeografía e Historia acollido ao programa PIUNE está xestionando a realización de prácticas extracurriculares nos meses de verán. En xeral consideramos que a maioría destes alumnos non terá ningún problema para a realización das prácticas, pero convén reflexionar sobre a necesidade de

informar (e a cantidade de información que se dará) aos responsables e titores dos centros de prácticas sobre as especiais características que presentan algúns destes alumnos.

En xeral, o profesorado non tivo grandes problemas para xestionar o seguimento das súas materias por parte do alumnado acollido ao programa. Non foron moitas as consultas recibidas polo coordinador e a maioría delas fixéronas profesores de nova incorporación. En xeral o profesorado destaca a súa “falta de formación” ou a escasa información recibida para tratar con alumnado que presenta unhas características especiais. Un dos profesores, con experiencia en persoas con TEA, amosou a súa estrañeza polo feito de que ese alumno concreto non contase con algunha persoa especializada na súa situación específica; tamén chamou a atención pola falta de información, xa que dentro do alumnado con necesidades especiais os perfís poden ser moi variados e, en consecuencia, esixen un tratamento distinto. En relación co alumno en cuestión tamén destaca o labor que ven facendo a bolseira, pero indica que sería bo estar en contacto coa súa “asociación de referencia” que, dende o coñecemento das fortalezas e debilidades do mesmo, pode contribuír á unha mellor integración e aproveitamento académico. Son varios os profesores que, destacando o labor realizado pola bolseira, indican que isto no é suficiente e o alumno require dunha axuda mais especializada.

Coincidimos con este profesor en que o traballo de integración que se ven realizando en centros de educación primaria ou secundaria, co apoio de profesionais preparados e especializados, en constante relación co profesorado da, en xeral, bos resultados o que, de implementarse na Universidade permitiría ao profesorado un mellor coñecemento do perfil do alumnado e das medidas que é necesario adoptar en cada caso.

En relación co anterior, practicamente todos os profesores e profesoras coinciden en sinalar que as recomendacións elaboradas polo Gabinete Psicopedagóxico e recibidas a principio de cuadrimestre son moi xenéricas e practicamente as mesmas para os distintos casos. Por exemplo, para algún alumno, hai profesores que indican que o suplemento dun 50% para a realización de actividades e tarefas, non é suficiente. Tamén se chama a atención sobre a falta de información, xa que nas recomendacións apenas se da conta das

características específicas do alumnado e do xeito adecuado para establecer unha relación e unha boa comunicación.

Tamén o alumnado, especialmente o de segundo curso, ten chamado a atención sobre a necesidade de ter máis información, así, na súa reunión co titor do PAT, plantexaron “que se lles imparta ao comezo das clases de primeiro curso un seminario de formación sobre as necesidades do alumnado PIUNE e as pautas de comportamento que deben seguir para colaborar á súa integración”, aínda que resulta difícil determinar se isto responde a un sentir xeneralizado ou máis ben se trata dunha inquedaanza concreta dun número moi reducido de alumnos e alumnas.